



ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO CONSELLO DE GOBERNO DO 31 DE MAIO DE 2016

Ás 9.30 h, en segunda convocatoria, na sala do Consello de Goberno da Reitoría, comeza a sesión ordinaria do Consello de Goberno que preside o Reitor Magnífico D. Julio Abalde Alonso, de acordo coa orde do día que figura no **anexo I** e coas persoas asistentes que se relacionan no **anexo II**. Escusan a súa ausencia: Manuel Reyes García Hurtado e Andrés Marcos García.

Tras a comprobación do quórum legal necesario para realizar a sesión, o reitor abre esta e dá paso ao primeiro punto da orde do día.

1. Informe do reitor

O reitor informa da última xuntanza do Consello de Universidades, no que se tratou o rascuño do decreto de bolsas (sinala que a CRUE se posicionou en contra por causa dos límites de renda fixados, aínda que valorase positivamente que se teña en conta a declaración do imposto de patrimonio), o decreto de probas finais de bacharelato, que, no substancial, recolle o sistema de acceso á universidade acordado no seo da CRUE (unha proba de reválida que substituirá á actual selectividade, xestionada polas correspondentes comisións autonómicas: no caso galego, a CIUG). Deu conta, tamén, da toma de posesión do novo decano da Facultade de Ciencias da Educación, o profesor Manuel Peralbo Uzquiano

A seguir, deu a palabra ao resto de integrantes do equipo de goberno.

O **vice-reitor de Política Científica, Investigación e Transferencia** Salvador Naya Fernández, deu conta, en primeiro lugar, das solicitudes de concesión de proxectos Retos e Excelencia. En comparación coa convocatoria de 2014 (21 proxectos solicitados en excelencia para 18 concedidos e 46 en Retos para 10 concedidos) en 2015 a taxa de éxito incrementouse de forma notable (18 proxectos de Excelencia solicitados e 10 concedidos, 39 solicitados en Retos e 17 concedidos). Pásase dunha taxa de éxito do 27% en 2014 a un 47% en 2015.

Canto ás novas convocatorias GAIN (en concreto, o programa PRINCIPIA –axudas para a contratación de profesionais en actividades de I+D+i) sinalou que desde a Xunta informan da vindeira convocatoria de programa PRINCIPIA, razón pola cal desde a Vicerreitoría se programou un taller conxuntamente co GAIN para o 15 de xuño co fin de dar a coñecer a titulados e doutorados universitarios os requisitos e as características do programa, resolver dúbidas e establecer un espazo de *networking* para o contacto entre profesionais e entidades, e así estimular a contratación no eido da investigación, o desenvolvemento e a innovación en Galicia.



Informou tamén de que GAIN e a Plataforma Tecnolóxica Española da Estrada están a organizar unha xornada de compra pública de innovación no sector da estrada, a loxística e a mobilidade para o día 31 de maio, de 09:30 a 14:00 horas na sede da GAIN en Santiago de Compostela.

Finalmente, fixo partícipe ao Consello de Goberno da proposta de incrementar o orzamento para o segundo prazo das axudas para estadias de investigación co sobranse de pagamentos ANEP.

Pola súa parte, o **vice-reitor de Profesorado e Planificación Docente**, Alberto Valderruten Vidal, informou dos seguintes asuntos:

A autorización, con data do 28 de abril de 2016 do cambio de dedicación de P03 a P06 da profesora asociada T1 dona Concepción Miralles Frutos da área de coñecemento de Enfermaría do Departamento de Ciencias da Saúde, en aplicación da delegación do Consello de Goberno no vice-reitor de Profesorado e Planificación Docente que foi aprobada o 27/10/2015. A urxencia do cambio de dedicación foi debido á baixa por IT de dona Emma Rodríguez Maseda, profesora colaboradora da mesma área de coñecemento.

Na COAP do día 27 de maio de 2016 acordou remitir ao Consello Social a proposta de asignación do complemento autonómico ao recoñecemento da excelencia curricular docente e investigadora correspondente á convocatoria publicada no DOG do 10 de decembro de 2015. Na proposta están valorados 130 profesores e profesoras desta universidade segundo o acordado o pasado 19 de abril de 2016 pola Comisión Galega de Informes, Avaliación, Certificación e Acreditación (CGIACA) da ACSUG. A valoración foi remitida de forma individual a cada solicitante pola ACSUG.

Nesa mesma sesión, a COAP informou favorablemente, logo do informe favorable do Departamento de Medicina do 13/05/2016, a solicitude de subrogación do contrato de PACS da profesora da Universidade de Santiago dona María Generosa Crespo Leiro en aplicación da cláusula quinta do Convenio para a colaboración na docencia clínica do Grao de Medicina da Universidade de Santiago de Compostela do 09/10/2015. A profesora María Generosa Crespo Leiro é coordinadora do grupo “Insuficiencia Cardíaca Avanzada e Transplante Cardíaco” da Área 2, Enfermidades Cardiovasculares e Metabólicas do INIBIC. A profesora Crespo Leiro pasará a formar parte do cadro docente da UDC como PACS con dedicación P03 na área de coñecemento de Medicina do Departamento de Medicina ao comezo do curso académico 2016/17.

Aínda en relación co amentado convenio, véñse de propor ao catedrático de Escola Universitaria don Francisco Javier de Toro Santos, da área de



coñecemento de Anatomía e Embrioloxía Humana do Departamento de Medicina, como representante da UDC na comisión técnica que establece a cláusula segunda do convenio, encargada de informar sobre os méritos e circunstancias dos candidatos a colaboraren na docencia práctica do grao en Medicina.

Finalmente, deu conta de que a mesa sindical que tivo lugar o día 26 de maio de 2016 e a COAP do 27 de maio de 2016 deron o seu visto e prace á RPT de PDI do ano 2015 (unha copia do documento remitiuse xunto coa convocatoria do Consello, e está accesible no repositorio da Universidade).

A **vicereitora de Oferta Académica e Innovación Docente**, Nancy Vázquez Veiga, informou dos seguintes asuntos:

1. Que no día 22 de abril a Secretaría Xeral de Universidades advertiu á UDC de erros nos datos da oferta de prazas do curso 2015/2016, problemas relacionados co aumento e redución no número de prazas ofertadas que incumprían as instrucións do 12 de febreiro de 2012, e, por último, coa vinculación de prazas para a simultaneidade de titulacións oficiais. O día 28 de abril desde a vicerreitoría remitiuse un escrito no que se xustificaba o número de prazas propostas en cada unha das titulacións afectadas. Os problemas detectados débense principalmente a que a Conferencia Xeral de Política Universitaria establece unha oferta distinta para o curso 2015-2016 da que contiña a proposta aprobada pola UDC en Consello de Goberno. Esta diferenza vén dada porque a CXPU suma as prazas dos programas de simultaneidade aos graos implicados. Isto explica os desaxustes detectados na oferta para o vindeiro curso en programas de simultaneidade. Neste último caso tamén ten influído a interpretación que a SXU dá á aclaración sobre a interpretación do artigo 6 do Decreto 222/2011, no sentido de que unha vez detraída a porcentaxe das prazas para a simultaneidade, a oferta resultante deberá cumprir os límites cuantitativos regulados no artigo 6 do Decreto 222/2011 do 2 de decembro. Finalmente, o luns 2 de maio realizouse unha reunión na Secretaría Xeral de Universidades e as modificacións que afectan ás prazas ofertadas son as seguintes:



CAMBIOS NA OFERTA DE PRAZAS DO CURSO 2015/2016		
GRAOS/MESTRADOS	APROBADAS XUNTA GOBERNO (14/4/2016)	EN DE MODIFICADAS POLA SXU
Grao en Bioloxía	70	75
Grao en Enxeñaría Mecánica	40	50
Grao en Enxeñaría Naval e Oceánica	30	40
Grao en Español: Est. Ling. e Lit.	20	35
Grao en Galego e Portugués: Est. Ling. e Lit.	20	35
Grao en Inglés: Est. Ling. e Lit.	95	110
CAMBIOS NA OFERTA DE PRAZAS PARA O CURSO 2016/2017		
Grao en Dereito	120	114
Máster en Estudos Ingleses Avanzados	15	10
Máster en Xerontoloxía	40	25
Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos (A Coruña)	90	95
Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos (Ferrol)	60	66
Máster en Psicoloxía Aplicada	25	28
CAMBIOS NA OFERTA DE PRAZAS DE SIMULTANEIDADE PARA O CURSO 2016/2017		
Grao en Inglés e Español	25	20
Grao en Inglés e Galego e Portugués	10	5
Grao en Español e Galego-Portugués	10	5
Grao en Ciencias Empresariais-Arquitectura Técnica	30	20
Grao en Enxeñaría	15	12



Mecánica- Naval e Oceánica	Enxeñería	
-------------------------------	-----------	--

2. Continúa a renovación de acreditación de distintos títulos da UDC, e tamén a recepción de informes provisorios sobre os títulos avaliados. Desde a UTC estase a asesorar na redacción e presentación das alegacións a todos aqueles centros que así o demanden.

3. Desde a Universidade Sénior quérese ampliar a oferta para o próximo curso académico e abriuse un prazo até o día 13 de xuño para que o profesorado presente novas propostas de materias optativas e/ou obradoiros.

4. Desde o CUFIE estase a organizar unha xornada de innovación docente, na que o profesorado da UDC poderá presentar os seus traballos relacionados con este eido. Está previsto que teña lugar no mes de outubro. Nos vindeiros días o profesorado recibirá unha mensaxe na que se lle invitará a presentar as súas propostas.

A vicerreitora de Estudantes, Participación e Extensión Universitaria, Margarita Amor López, informou, en primeiro lugar, sobre os resultados acadados polos representantes da UDC nos Campionatos de España de Deporte Universitario: medalla de prata en pádel para Ignacio Montenegro Garat e Jorge Couceiro Figueroa; medalla de bronce para o equipo masculino de rugby 7; sexta praza para Patricia Joane Borreguero en hípica e que Antía Martínez Queimaño foi finalista en 100 metros lisos.

Informou, tamén, da publicación da listaxe de solicitudes admitidas e excluídas das axudas para realizar cursos de verán, xornadas divulgativas e ciclos de conferencias, ben como de que a convocatoria de bolsas Santander-Crue-Cepyme para prácticas en empresa vai xa pola undécima listaxe de persoas adxudicatarias.

Comunicou, tamén, a publicación da convocatoria dos campamentos de verán en xuño, xullo e setembro, para os campus de Ferrol e A Coruña, dirixidos a nenos e nenas.

E, finalmente, deu conta de que os días 14 e 15 de maio, a UDC participou no I Encontro Eurorrexional Interuniversitario “Música e movemento partillados” que tivo lugar en Vila Real (Portugal). Este evento reuniu por primeira vez a todas as universidades públicas de Galicia e do norte de Portugal, no marco do proxecto de cooperación cultural eurorrexional, coordinado pola Fundación CEER. A UDC estivo representada pola Aula de Danza de NORMAL.



A vicerreitora do **Campus de Ferrol e Responsabilidade Social**, Araceli Torres Miño, informou da selección da UDC para participar no programa **CAMPUS INCLUSIVOS. CAMPUS SIN LÍMITES**, que se levará a cabo entre os días 11 e 19 de xullo. Trátase dunha iniciativa financiada conxuntamente polo Ministerio de Educación, Cultura e Deporte, a Fundación ONCE e a Fundación REPSOL coa finalidade de que nenos e nenas con discapacidade, de segundo ciclo de educación secundaria obrigatoria, bacharelato e ciclos formativos coñezan de primeira man a Universidade. Durante este tempo os estudantes seleccionados interveñen en actividades de divulgación académica, coñecen a oferta formativa da universidade e os servizos dispoñibles para os alumnos e alumnas con discapacidade, ademais de participaren en actividades culturais e de ocio, animándoos a continuar a súa formación na Universidade e así facilitar o seu acceso a un emprego cualificado e de calidade. Expresou o seu agradecemento ao persoal da ADI, nomeadamente a Sonia Seijas e David Fouciños, polo traballo realizado para acadar a concesión deste proxecto.

A **vicerreitora de Internacionalización e Cooperación**, M.^a Pilar García de la Torre, deu conta de que o día 27 de maio de 2016 se publicou a “Convocatoria de axudas á internacionalización da universidade da Coruña 2016”. Esta convocatoria ten os seguintes obxectivos:

- mellorar o índice de éxito das solicitudes de financiamento para proxectos internacionais con institucións do Espazo Europeo de Educación Superior,
- apoiar o deseño e implantación de titulacións duplas ou conxuntas, e
- apoiar o desenvolvemento e a calidade dos programas de docencia en inglés.

A convocatoria contempla catro accións:

Acción I: Preparación de proxectos para presentar ás convocatorias da UE

Acción II: Establecemento ou seguimento de titulacións duplas ou conxuntas

Acción III: Mobilidades dos docentes que participan nos programas de docencia en inglés da UDC

Acción IV: Axudas para a organización/docencia en cursos para a proxección internacional da UDC no estranxeiro ou no marco da ISS.

As ditas accións realizaranse antes do 30 de outubro do 2016.

O **xerente** informou que logo realizar varias mesas de negociación coa representación do PAS, o pasado 27 de maio esta representación rexeitou



finalmente a proposta de oferta de emprego público de PAS para 2016 formulada pola Xerencia. A este respecto, o xerente quixo subliñar que:

1.- A OEP 2016 recolle de forma completa os compromisos subscritos no acordo asinado o 20/11/2015 en materia de promoción profesional do PAS, ao incluír o total das prazas establecidas para ofertar polo sistema de **promoción interna** no exercicio 2016: **224**.

2.- Na **quenda libre**, a OEP recolle o 100% da taxa de reposición de efectivos que permite a Lei de orzamentos xerais do Estado para 2016; un total de **4 prazas** correspondentes ás xubilacións de PAS de 2015. O acordo do 20/11/2015 non fai referencia a esta quenda.

3.- Destas 4 prazas, a Xerencia ten proposto ofertar 2 (o 50%) para grupos superiores das escalas de Biblioteca (1 para subgrupo A1 e 1 para subgrupo A2). Esta oferta de 2 prazas ao grupo A é o motivo que aduce a Xunta de Persoal de PAS para rexeitar a proposta de OEP.

Destacou que a OEP garante o cumprimento do compromiso adquirido en materia de promoción interna, que supón un elevado esforzo orzamentario, resultado da apertura de postos a máis dun subgrupo (o denominado “barrado”) acordada na negociación da vixente RPT.

Esta proposta de OEP, que combina a promoción interna con carácter maioritario coa oferta de postos de acceso libre, é a que se adecúa ao noso sistema de acceso á Función Pública, como polo demais tamén veñen acordando as distintas universidades públicas.

2. Aprobación da acta da sesión do 28 de abril de 2016

A acta foi aprobada por asentimento

3. Contratos e convenios

Para os efectos de cumprir o que establece o artigo 27.2 dos Estatutos da Universidade da Coruña, o secretario xeral dá conta dos convenios que figuran no **anexo III**, que se clasifican nesta ocasión en catro (4) convenios marco, trece convenios específicos (13), e sesenta e tres convenios para prácticas (63), e que cumpriron todos os trámites preceptivos previos que se requiren para a súa aprobación polo Consello de Goberno nesta sesión.



4. Proposta de modificación do Regulamento para a admisión e permanencia de iniciativas empresariais no viveiro de empresas innovadoras da UDC

O **vice-reitor de Política Científica, Investigación e Transferencia** presenta esta proposta indicando que na última convocatoria, publicada o pasado 11 de marzo, se presentaron 6 solicitudes e só ficaron dúas prazas vacantes. Proponse alongar en oito meses o prazo actual de dous anos (dos que 11 meses poden ser en trámite de viveiro), que podan formular solicitudes alumnado egresado dos últimos cinco anos, que se poida dispor de máis locais –tanto en Ferrol como nos centros tecnolóxicos da Coruña–, a posibilidade de colaboración con outras institucións (nomeadamente co Concello da Coruña), abrir a posibilidade de “incubación virtual” (isto é, sen necesidade de espazo físico), unha mudanza de nome (de “base tecnolóxica” a “de base innovadora”) e, finalmente, unha conxelación de prezos (150 €/mes, con 8 meses de carencia).

A proposta foi aprobada por asentimento segundo figura no **anexo IV**.

5. Proposta de novo Regulamento de bolsas de colaboración para formación na UDC

A **vice-reitora de Estudantes, Participación e Extensión Universitaria**, Margarita Amor López, expón a proposta indicando que o Regulamento de bolsas na Universidade da Coruña, aprobado na sesión do Consello de Goberno do 27 de setembro de 2007 e modificado na sesión do 31 de outubro de 2007, regula as bolsas de investigación e de colaboración na Universidade da Coruña. O Real decreto 1791/2010, do 30 de decembro, polo que se aproba o Estatuto do estudante universitario e o Real decreto 1493/2011, do 24 de outubro (BOE núm. 259 do 27 de outubro), polo que se regulan os termos e as condicións de inclusión no réxime xeral da Seguridade Social das persoas que participen en programas de formación, poñen de manifesto a necesidade de que o Regulamento de bolsas de colaboración para formación da Universidade da Coruña se actualice de acordo coa mencionada normativa.

A seguir, intervén o profesor **Casteleiro** preguntando por que a duración das bolsas é de 9 meses e non de 10, dado que o curso comeza en setembro e non en outubro. O reitor contesta que o período lectivo segue a ser de nove meses.



O profesor **Canle** pregunta se a alta na Seguridade Social das persoas beneficiarias destas bolsas vai ser sufragada pola UDC. O reitor responde afirmativamente.

A proposta foi aprobada por unanimidade segundo figura no **anexo V**.

6. Proposta de modificación do Regulamento de estudos de doutoramento

A **vice-reitora de Oferta Académica e Innovación Docente**, Nancy Vázquez Veiga, presenta esa modificación indicando que o día 27 de maio se publicou finalmente a resolución reitoral que permite aos doutorandos do RD 778/1998 incorporarse aos programas do RD vixente.

Propónse agora introducir unha nova disposición transitoria 3.^a bis no Regulamento de estudos de doutoramento co fin de flexibilizar os requisitos de dirección de teses, de modo que cando o antigo director ou directora non cumpra os requisitos do RD vixente poida seguir como codirector ou codirectora.

Guillermo Lorenzo Gómez solicita que a resolución reitoral sexa publicada na páxina web da EIDUDC e non só na do servizo de PDI. Pregunta se vai ser necesario agardar ano e medio para presentar a tese, tal e como esixe o RD 99/2011.

A profesora **Inés Pernas** quere saber a que estudantes afecta esta resolución reitoral.

O profesor **Miguel Muñoz** pregunta que acontece cando un director cumpre e outro non, sendo ambos alleos ao programa de doutoramento.

A **vice-reitora de Oferta Académica** comeza contestando a **Guillermo Lorenzo** que unha vez aprobada a modificación proposta polo Consello de Goberno a EIDUDC procederá a publicala na súa páxina web. Esclarece que os doutorandos afectados non terán que agardar ano e medio para defender as súas teses. Á profesora **Pernas** respóndelle que aos estudantes do RD 778/1998 dáselles a posibilidade de se incorporaren, por medio dunha táboa de equivalencias, aos programas do RD 99/2011 ficando, para todos os efectos, suxeitos aos requisitos do novo programa (incluídos os de idioma e publicación JCR, no seu caso). Ao profesor **Muñoz** indícalle que se un cumpre e outro non, non hai problema. Se ningún dos dous cumprixe, daquela habería que nomear outro codirector.



O profesor **Ignasi Colominas** solicita que se permita, con carácter excepcional, a existencia de tres codirectores.

A proposta foi aprobada por asentimento segundo figura no **anexo VI**.

7. Proposta de calendario de admisión e matrícula en estudos de doutoramento para o curso 2016-2017

De novo a **vice-reitora Nancy Vázquez Veiga** deu conta da proposta (incluída no repositorio institucional).

Presentada a proposta, o estudante **Guillermo Lorenzo** pide que se incorpore ao calendario un prazo para a solicitude de prórroga para o depósito da tese.

O profesor **Moisés Canle** alude aos problemas específicos dos duplos doutoramentos internacionais xa que, de acordo co calendario proposto, no momento en que vaian cursar o doutoramento á universidade estranxeira aínda non estarán matriculados na UDC. O **reitor** contesta que para estes casos xa se considera a posibilidade dunha matrícula extraordinaria, a solicitude do programa de doutoramento.

A proposta que figura como **anexo VII** é aprobada coa inclusión dun prazo para a solicitude da prórroga do cuarto ano.

8. Proposta de oferta de emprego público de PDI do ano 2016

O **vice-reitor de Profesorado e Planificación Docente**, Alberto Valderruten Vidal, presenta a proposta (publicada no repositorio documental) indicando que aínda que a taxa de reposición voltase ao 100% en 2015, ese ano houbo poucas xubilacións (11) e isto condiciona a posibilidade de convocar novas prazas, máxime contando con que desas 11 prazas, dúas teñen que se reservar para o programa Ramón y Cajal. En total, pois, hai apenas nove prazas para máis de 200 profesores acreditados (50 a CU, 74 a TU e 100 a CD) ao que hai que engadir as prazas suplementares de CU procedentes do programa de promoción interna para o corpo de catedráticos de universidade, que permite convocar máis unha praza de CU por cada praza de TU incluída na OPE. De resto, a interpretación da CAG é máis restritiva que a realizada por outras CC.AA (que permiten o emprego de figuras como a de CD interino para o programa de estabilidade). A CAG apenas permite esta posibilidade cando a praza estea incluída na OPE. Mantense o compromiso coa estabilidade: oito das nove prazas serán para axudantes doutores.



Coas posibilidades que ofrece o programa de promoción interna no corpo de CU, cabería propor aos acreditados a TU a convocatoria de máis prazas. Porén, consultados tres profesores que se achan nesta situación, só un deles acepta a convocatoria. Deste modo, teríamos 7 CD, 2 TU e 2 CU.

Para 2017, o elevado número de xubilacións que se vai producir en 2016 – 13 obrigatorias e 12 voluntarias– permitiría, de se manter o marco legal actual, convocar 21 prazas (alén das catro Ramón y Cajal).

Os CD que terminan contrato en 2016 poderían estabilizarse con cargo á OPE de 2017 xa desde a aprobación dos orzamentos da UDC para ese ano.

Tras indicar que a proposta foi aprobada na mesa sindical (por maioría, coa oposición de dúas centrais sindicais) e na COAP (por unanimidade, malia se manifestaren diversas discrepancias), iniciouse o debate.

Nona Inés Vilariño anuncia a súa abstención. Critica a confrontación entre estabilidade e promoción interna.

A profesora **Elena Sierra Palmeiro** parabenizou o vicerreitor pola dificultade e o acerto da proposta. Porén, aínda comprendendo o compromiso coa estabilidade, anuncia a súa abstención pola restrición á promoción interna para os TU acreditados. Tamén adiantou a súa abstención no punto seguinte da orde do día.

O profesor **Anxo Calvo** lembrou o debate na COAP da semana anterior, no que saíron argumentos e posibles solucións para futuras OPE. Xa que na OPE de 2017 se van convocar 25 prazas, iso vai permitir convocar máis prazas para TU e CU, solucionando ao tempo a disfunción de que os axudantes doutores teñan que pasar por un contrato de interinidade de substitución antes de acceder a CD. Para o profesor Calvo, a OPE 2016 é un caso illado que non pode condicionar as OPE de anos vindeiros.

Do resto, lembra que as prazas incluídas nas OPE non hai que as convocar inmediatamente: hai tres anos para facelo (e iso dá aos acreditados a TU reticentes a posibilidade de melloraren o seu CV). Indicou, tamén, que a segunda titularidade xa fora aprobada polo Consello de Goberno mais que, a causa da entrada en vigor da restrición á reposición de efectivos, foi paralizada pola Administración do Estado.

En definitiva, concluíu o profesor Calvo, a OPE de 2016 é máis outro paso nun proceso que, en 2017 e nos anos seguintes, vai mellorar as posibilidades de promoción do profesorado acreditado.



A profesora **Susana Ladra** razoou que a decisión de permitir promocionar a acreditados a TU, aínda que se acreditaran despois que outros que non queren se que convoque a “súa” praza, é a mellor solución para a UDC no seu conxunto.

O **reitor** intervén para sinalar que hai tres colectivos con intereses contrapostos e só se poden convocar nove prazas, primando o compromiso de estabilidade de CIS a CD, mais sen esquecer a promoción de acreditados a TU e CU. Na súa idea, o que a OPE 2016 propón é que un CD acreditado a TU e cunha praza creada xa en 2012 poida promocionar. O mesmo para as 7 prazas de CU creadas tamén en 2012. E garantindo en todo caso a estabilidade dos CIS acreditados a CD. Porén, dado que a UDC descoñece quen son os CD acreditados a TU, o que fixo o vicerreitor foi convocalos para ver se estaban dispostos a que se convocasen as correspondentes prazas.

Intervén a seguir a profesora **Fernanda Miguélez** para lle esclarecer a Nona Inés Vilariño que todas as prazas convocadas na OPE son de promoción, aínda que algunhas sexan tamén, ao tempo, de estabilización. O reitor toma de novo a palabra para indicar que a promoción supón a convocatoria de prazas en concurso libre e aberto. Nona Inés Vilariño intervén brevemente para indicar que mantén o dito con anterioridade.

O profesor **Anxo Calvo** alude á conveniencia para a UDC de aproveitar a situación para captar Parga Pondal, por máis que carezan de perfil docente. O reitor concorda con el, mais recorda que a convocatoria destas prazas depende da vontade das áreas.

O profesor **Muñoz** anuncia o seu voto favorable malia considerar conveniente que se faga unha análise por áreas, xa que pode haber áreas sen CU. Congratúlase de que, por fin, vaian sendo convocadas as prazas que se aprobaran en 2012.

A profesora **Teresa López** indica que a situación a respecto das cátedras non depende da UDC, senón dunha determinada política governamental e dun cadro normativo que impide o exercicio do dereito dos docentes á promoción interna.

Pecha o debate o **reitor** chamando a atención acerca do dato de que a UDC é a universidade do SUG que máis cátedras convocou nos últimos anos. E tamén acerca de que o marco da CAG é aínda máis restritivo que o xeral.



Finalmente, a proposta foi aprobada con tres abstencións segundo figura no **anexo VIII**

9. Proposta de criterios de execución da oferta de emprego público de PDI do ano 2016

Intervén de novo o **vice-reitor de Profesorado e Planificación Docente**, Alberto Valderruten Vidal, para presentar esta proposta que figura como **anexo IX**, sinalando que das sete cátedras convocadas en 2012, dúas convocaranse pola orde establecida daquela. A única praza de TU correspóndense coa creada en 2012. Canto ás oito prazas de CD, correspóndense cos oito contratos de AD que remataron en 2015. Estas oito prazas xa están identificadas na RPT como “pendentes de promoción a CD”.

A proposta foi aprobada con tres abstencións.

Quenda aberta de intervencións

Guillermo Lorenzo intervén para preguntar ao reitor acerca das medidas para solucionar o desaxuste salarial da convocatoria FPU 2014.

Ana Barxa pregunta acerca da convocatoria das prazas da residencia universitaria.

O profesor **Muñoz** acerca dos problemas con que sen enfrenta o alumnado de doutoramento para subir os plans de investigación á aplicación.

A profesora **Fernanda Miguélez** intervén para xustificar a ausencia do profesor Andrés Marcos, e no seu nome informar do amparo solicitado por unha profesora da UDC á Xunta de Persoal por un caso de reaparición dun acosador, xa xulgado e condenado hai 4 anos, para pedir explicacións sobre as filtracións á prensa de supostos casos de profesorado realizando labores docentes en centros distintos da UDC e as declaracións ao respecto do secretario xeral e, finalmente, para preguntar, como membro da Comisión Delegada de Asuntos Económicos, polo retorno que producen as achegas que hai 3 ou 4 anos se levan facendo a un consorcio chamado Instituto Tecnolóxico de Matemática Industrial xunto coas outras dúas universidades galegas para coñecer mellor os posibles modelos a potenciar para a transferencia de coñecemento, xa que o vicepresidente do ITMATI é o vice-reitor de Investigación.



Nona Inés Vilariño pregunta se hai algún servizo que informe sobre trámites e prazos ao alumnado que solicita traslado de expediente desde outra universidade.

O profesor **Sobriño Heredia**, en nome do Instituto Universitario de Estudos da UE, reclama que a VPCIT responda coa máxima brevidade á solicitude de varios institutos universitarios de autorización das súas relacións de membros asociados e honorarios.

O profesor **Luís Hervella** reclama que se acelere o proceso de contratación de profesorado interino de substitución e de cambio de dedicación para o curso 2016-2017. Informa da recepción dunha carta da CIUG solicitando locais na Facultade de Informática para os meses de xuño e de setembro de 2017. Se isto e así, conclúe cun punto de ironía, o curso 2016-2017 debería comezar en outubro.

O profesor **Moisés Canle** indica, en primeiro lugar, que descubriu que nun mestrado universitario o prezo público fixado para o alumnado extracomunitario é catro veces inferior ao establecido polas outras universidades participantes, mesmo pertencendo todas elas ao SUG. Acerca dos cambio no seguro escolar, quere saber se houbo alumnado en situación de risco non cuberto entanto estaban a facer prácticas fóra da UDC. Interésase, tamén, polo contrato de limpeza, próximo ao vencemento e, finalmente, ao fío da pregunta da profesora Miguélez sobre o Consorcio de Matemática Industrial, interésase sobre a participación da UDC no Instituto Tecnolóxico de Galicia.

O profesor **Casteleiro**, en relación cunha comunicación da OTRI sobre programas ERC da UE, pregunta que significa “apoiar decididamente estas iniciativas”. Se o apoio é o programa “Berce” daquela é máis “dicir” que “facer”. Demanda que a UDC invista na realización destas solicitudes.

A profesora **Inés Pernas** chama a atención sobre a redución de alumnado e a xubilación de profesorado que afecta en especial ao Departamento de Expresión Gráfica e pregunta se hai algunha previsión de fusión, se non de centro si ao menos de departamentos.

Xosé Portela, representante do PAS, lembra que en decembro de 2015 se aprobou un acordo de promoción que incluía todas as prazas de bibliotecas. A OPE presentada polo xerente incumpre, segundo el, ese acordo ao reservar dúas prazas para a quenda libre. Cando se negociou a RPT de 2015, acordárase que todas as prazas que se ían convocar en 2016 serían da escala xeral (que é na que existe máis interinidade). A Xunta de Persoal



rexeitou a proposta de OPE. O colectivo de PAS vai comezar a realizar asembleas para decidir que medidas adoptar.

A respecto do radon, refire a existencia de niveis elevados, o último rexistrado na Facultade de Informática que provocou o cambio de sala do CECAFI. Dado que aínda así segue sendo necesario acceder á zona afectada, o persoal está preocupado. Solicita a convocatoria inmediata da Comisión de Saúde Laboral.

Fixo tamén referencia a informacións de prensa que aluden a que determinadas universidades públicas xa están a ofertar graos de tres anos. Que medidas van adoptar a UDC e a CRUE ao respecto?

A profesora **Sonia Souto** interésase pola distribución dos fondos de investigación de acordo coa avaliación da ANEP.

A continuación, intervén o **reitor** para contestar as cuestións formuladas.

Sobre as diferenzas salariais da convocatoria FPU indicou que aínda non se reuniu a sectorial de investigación da CRUE.

Respecto ás filtracións á prensa, informa que houbo un xornal dixital que publicou determinadas novas sobre o incumprimento da normativa de incompatibilidades na UDC. Indicou que o reitor mantivo unha reunión con catro representantes do PDI na Xunta de Persoal onde un deles, Fernanda Miguélez anunciou que esa publicacións se ía producir pois falaran con ela dándolle información sobre casos da UDC. Ese xornal, o primeiro nome que publica é o do reitor. Cando noutro artigo se fala de amiguismo na actuación da UDC, o secretario xeral púxose en contacto con ese medio para desmentir esas informacións. O medio publica textualmente o dito por min, e esa información só puido saír de Fernanda Miguélez.

Sobre a validación de expedientes, indica o reitor que cómpre diferenciar entre licenciaturas e graos. As titulacións LRU dependen do centro receptor. No caso dos graos, o proceso é máis doado polas táboas de equivalencia de cada titulación. O tempo de resposta depende de cada centro.

Sobre a carta da CIUG, confesa que a facilitada polo profesor Hervella é a súa primeira noticia ao respecto.

Sobre a coordinación do prezo do crédito nos mestrados interuniversitarios, acontece cos internacionais e tamén, ás veces, cos de dentro do Estado. A razón é que é cada comunidade autónoma a que establece os prezos



públicos. Cabe, porén, que no convenio dos títulos interuniversitarios se recolla esta coordinación de prezos por crédito e que isto sexa tratado na comisión de seguimento.

No que atinxe ao prezo para os estranxeiros extracomunitarios, é cada universidade a que decide o prezo (a USC aplica o 100% do custo da matrícula).

Sobre os graos de tres anos, lembrou que a moratoria acordada na CRUE é até o curso 2017-2018 para os títulos xa existentes. Os títulos novos poden presentarse xa en 2016-2017, porque a administración universitaria catalá aposta non polo 3+2 mais si polo 3+1+1 (sendo o primeiro “1” a prezos de grao). O reitor considera necesario abrir un debate no seo da UDC acerca da duración dos graos para preparar a fin da moratoria. Hai que evitar que un mesmo título teña duración diferente dependendo da universidade en que se imparta.

Interveu a seguir o **vice-reitor de Política Científica, Investigación e Transferencia** para se referir aos institutos universitarios e, en concreto ao de Matemática Industrial (ITMATI). Informou que é un centro no que participan as tres universidades galegas, que foi posto como exemplo pola Fundación Barrié e que ten un importante retorno para a UDC a través de teses na unidade mixta con REPSOL, prazas ligadas a proxectos e, en xeral, organización de actos e seminarios. Canto ao retorno económico, existe un acordo entre as tres universidades referente a bolsas, prazas e teses. O **reitor** acrecenta que por “retorno” hai que interpretar fondos captados en convocatorias competitivas e que nese sentido o ITMATI capta unha cantidade de recursos moi importante.

Sobre a cuestión formulada polo profesor Sobrino en relación cos institutos universitarios, pediu desculpas e comprometeuse a responder coa máxima dilixencia.

Sobre o Instituto Tecnolóxico de Galicia sinalou que a UDC colabora con el desde a súa creación e que axiña se constituirá unha comisión de seguimento.

Recoñece que as convocatorias da ERD son un asunto estratéxico para a UDC. O día 27 de maio pasado houbo un “simulacro”, deuse apoio a un dos solicitantes que vai ir a Bruxelas o día 5 de xuño. Estase a traballar conxuntamente con INDITEX no proxecto Intalent, para a retención e incorporación de talento na UDC, moi ligado ao programa “Berce”.



Sobre a distribución dos fondos de investigación: os 800.000 € consignados nos orzamentos da UDC para 2016 repartiranse conforme coa situación de 1 de xaneiro de 2016, xa que a avaliación ANEP 2015 aínda non está pechada.

Interveu tamén a **vice-reitora de Internacionalización e Cooperación** para sinalar que o alumnado ERASMUS ten seguro médico mais non de accidentes. O vicerreitor de Economía, Infraestruturas e Sustentabilidade sinalou que non só os ERASMUS senón tamén o alumnado do Centro de Linguas, a Universidade Senior, obradoiros etc., vai ser asegurado en doenzas e accidentes no momento da matrícula.

Interveu tamén o **secretario xeral** para informar sobre o asunto das incompatibilidades indicando que desde a UDC se iniciaron diversas investigacións preliminares antes de abrir os procedementos que en cada caso correspondan. Referiuse tamén aos traballos da CEPREA, que se van retomar no próximo mes de xuño.

A **vice-reitora de Oferta Académica e Innovación Docente** indicou que os doutorandos xa poden subir o plan de investigación á aplicación e que se dará a información correspondentes ás UADI e ás persoas interesadas.

Interveu logo o **xerente** para informar de que a anuncio de licitación do contrato de limpeza foi publicado no BOE do 28 de maio de 2016 e, con relación ao gas radon, que se está a aplicar o protocolo acordado no comité de riscos laborais, en plena coordinación cos delegados de prevención e coa dirección dos centros afectados.

Sobre a OPE do PAS afirmou que se está a cumprir ao 100% o acordo de promoción. Que a nova OPE tenta combinar a promoción interna co acceso libre, asegurando atención especializada ás necesidades da UDC.

A profesora Fernanda Miguélez pediu de novo a palabra para referirse, en primeiro lugar, ao modelo económico do ITMATI: ao seu ver, se as tres universidades do SUG poñen os mesmos cartos e se, por exemplo, a USC tira máis proveito económico ou académico e de transferencia, tal repartición non é positiva para a UDC xa que axuda a medrar o seu inimigo na distribución de fondos da Xunta. Afirma que non queda conforme coa contestación por parte do vicerreitor de Investigación, vicepresidente do ITMATI.

Engadiu que, como dixo o secretario xeral, desde 2012 CSIF vén preguntando que cousas pode facer o profesorado da universidade e que cousas non pode facer, especialmente no terreo docente.



Nese momento (marzo de 2012) CSIF detectara moitos casos cuestionables.

Dentro da máis estrita discreción, o noso sindicato colaborou coa universidade para a resolución de toda as posibles irregularidades, procurando causar o menor dano posible a todos os implicados, e respectando sempre as normas. Enviáronse recordatorios de cales eran as posibles actividades do profesorado, revisáronse convenios etc., e todo iso coa máxima discreción. Nese momento si que poderíamos ter feito moito ruído, e non o fixemos, porque non queremos facelo. Desde marzo de 2012, os equipos de goberno tiveron tempo abondo para resolver todas as posibles irregularidades que xa se daban nesa data.

Recentemente, e sen ningún ánimo pola nosa parte recibimos a chamada dun medio de comunicación dixital preguntando por algunha desas situacións aínda sen resolver. Por iso CSIF deu conta á Xunta de Persoal e catro representantes, un de cada sindicato dos presentes na XDP e no Comité de Empresa, pediu cita urxente co reitor para informalo e coñecer a súa postura.

Na mencionada reunión informouse ao reitor do que viña preguntando a prensa, e cando contestou o reitor sabía perfectamente que a información que o medio tiña non procedía de Fernanda Miguélez, mais si que estaba sendo unha intermediaria. Afortunadamente o reitor afirma que se publicaron as súas palabras textuais. E en todo momento soubo que era o que pasaba. Parece que queda claro que non se trata dunha conspiración de CSIF, nin de Fernanda Miguélez.

Xosé Portela volveu referirse ao 3+2, que para el é unha decisión política que se pode modificar, e niso é no que deberían traballar CRUE e universidades, reclamándollo ao futuro goberno. Indica que descoñecía o asunto das filtracións aos medios e que cando se nomea ao reitor estase nomeando a UDC. Sobre a OPE do PAS para 2016 sinala que nas reunións da Xunta de Persoal o xerente tería recoñecido que o cómputo das prazas de biblioteca estaba mal realizado. Sobre os titulados sinala que todo o PAS que concorre por promoción interna aos grupos A1 e A2 tamén contan coa correspondente titulación.

A profesora **Natalia Álvarez Lata** intervén para puntualizar, como membro da Comisión de Asuntos Económicos, que o ITMATI é un exemplo de eficacia, xa que en 2014 captou 920.000 € e en 2015 máis de 1 millón, dos que un terzo vai para a UDC.



Intervén finalmente o **reitor** para, en relación co 3+2, estimar que a oposición ao decreto hai que formulala en positivo, isto é, facendo propostas de como deben articularse as titulacións cara ao futuro, adiantándonos ao futuro cadro legal co fin de poder condicionalo. Sobre as incompatibilidades, lembra que o regulamento de cursos da UDC é anterior a 2012 e que sempre que se ten coñecemento dalgunha irregularidade, a universidade actúa. O que chama a atención é que o medio afirme que ten información dunha frase concreta do reitor no curso dunha reunión con representantes da xunta de persoal do PDI.

Ao non haber máis asuntos que tratar, a sesión rematou ás 11:40 h, do que eu, como secretario, dou fe, co visto e prace do presidente.

O secretario xeral

Visto e prace
O presidente

Carlos Aymerich Cano

Julio Abalde Alonso